

D. Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A :

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 20 de decembro de 2019, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Apertura electrónica da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo evolución, mantemento, e soporte do sistema de tradución automatizada da Deputación de Pontevedra. (Expte. 2019041408)***

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2019019337 de data 8/11/2019 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do Servizo de evolución, mantemento e tradución automatizada da Deputación de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de novembro de 2019. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A empresa admitida foi a seguinte:

- FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA S.L. (B70001912).

Con data 28/11/19, procedeuse a apertura electrónica da documentación aportada no sobre A correspondente a documentación administrativa e técnica presentada pola única empresa que presenta oferta para a licitación que é: FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA S.L. (B70001912).

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de novembro de 2019 tamén acordou trasladar a documentación técnica descargada que presentaron as citadas empresas os técnicos do servizo de Novas Tecnoloxías o obxecto de que as avalíen e as ponderen de conformidade cos criterios establecidos nos pregos.

Con data 11 de decembro de 2019 o xefe do servizo de novas tecnoloxías emitiu informe sendo a puntuación outorgada a seguinte:

Empresas	Puntuación sobre “B”
FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA S.L. (B70001912).	<b>19,00</b>

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 20 de decembro de 2019 acordou aprobar a citada valoración.



O Presidente e o Secretario da Mesa de contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentado polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do Servizo de renovación, soporte e mantemento da solución de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación de Pontevedra e que acadaron unha valoración que supera o mínimo 20 puntos esixido correspondente os criterios de valoración non automática.

Os valores ofertados no sobre B foron os seguintes:

1. Precio de licitación ofertado sen IVE: 4.900,00€
2. Número adicional de palabras/ano na personalización de dicionarios: 900 palabras/ano.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes os criterios de valoración automática, de conformidade co establecidos nos pregos, a puntuación obtida foi a seguinte:

FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA S.L.	13,839
--	--------

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación da oferta presentada pola empresa no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do Servizo de evolución, mantemento e tradución automatizada da Deputación de Pontevedra, que queda da seguinte forma:

Clasificación	Empresas	Puntuación Total
1º	FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA S.L.	32,839

2. Propor o órgano de contratación, neste caso á Presidencia, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a adxudicación do Servizo, á empresa FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA S.L., que obtén unha puntuación de 32,839

A Mesa de Contratación comproba que empresa FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA S.L., proposta como adxudicataria figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

3. A Mesa de Contratación faculta o Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirir, mediante comunicación electrónica, á empresa, FACTORIA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA S.L., proposta como adxudicataria do procedemento aberto simplificado convocado para a adxudicación do Servizo de evolución, mantemento e tradución automatizada da Deputación de Pontevedra para que, no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío do requirimento, presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a vinte de decembro de dous mil dezanove.

